

Proxecto Lingüístico

P.L

2022/2026

CEIP de Roxos



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	Páx. 2
ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	Páx. 2
OBXECTIVOS PREVISTOS PARA DINAMIZAR O USO DAS LINGUAS	Páx. 4
ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á CONSECUCIÓN DUN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO	Páx. 11
MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN	Páx. 14



INTRODUCCIÓN.

O decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece no seu artigo 14 que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico.

O plan de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego.

De conformidade co establecido na lexislación de referencia establécense os seguintes criterios que conforman o proxecto lingüístico do CEIP de Roxos.



ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

2. BREVE ESTUDO SOCIO-LINGÜÍSTICO

Ao longo do curso 2022/2023 está previsto facer unha enquisa sociolingüística que se incluírá como anexo a este proxecto.

2.1. A contorna sociolingüística do centro

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas como Bertamiráns, Milladoiro... A contorna conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos. Os lugares de referencia para a maior parte dos traballos das familias, as relacións comerciais e o ocio son a cidade de Santiago de Compostela e, en menor medida, a localidade de Bertamiráns.

Como reflexo da situación diglósica que persiste no noso país, a lingua de relación das familias cos seus fillos e fillas é maioritariamente o castelán, nunhas proporcións aproximadas do 80% e 20%, respectivamente, cunha tendencia manifesta a incrementar a porcentaxe en favor do castelán.

Sen embargo, conséntase que o galego é a lingua usada habitualmente polas familias nas relacións co profesorado e co persoal non docente; non ocorre o mesmo na relación cos seus fillos e fillas; tampouco ocorre o mesmo cando os



nenos e nenas se relacionan entre eles. Mesmo se dá a circunstancia de que unha parte do alumnado que chega ao colexio sendo galego-falante cambia a súa lingua para adaptarse ao alumnado que usa o castelán de xeito habitual.

O galego é a lingua habitual e maioritariamente empregada pola veciñanza en xeral nos distintos ámbitos sociais. O mesmo ocorre coas distintas entidades asociativas e culturais coas que o colexio mantén algún tipo de relación, e por parte do Concello.

Tendo en conta esta realidade lingüístico-cultural da contorna do centro, consideramos que é necesario andar camiño no que se refire á presenza do galego na vida social do centro. Non obstante, cómpre ter en conta que este posible incremento da presenza do galego só será posible se desaparecen, ou cando menos mingüen, unha serie de prexuízos, atrancos, eivas e resistencias que persisten no momento actual no ámbito social, político e educativo de Galicia.

2.2. A situación do profesorado

A lingua predominante entre o profesorado na actualidade é o castelán, menos da metade do claustro emprega a lingua galega de maneira habitual nos contextos informais. No labor docente, a meirande parte do profesorado emprega a lingua galega como vehicular e existe entre o profesorado unha actitude positiva cara á normalización do idioma galego na escola.

Sen dúbida a implicación do profesorado nas actividades de dinamización lingüística é determinante para acadar os obxectivos marcados. É preciso sinalar que no noso centro a colaboración nas propostas que fai o EDLG sempre teñen moi boa acollida por parte de todo o profesorado. Contar cun profesorado comprometido ou, cando menos, que asume as tarefas deseñadas, é fundamental para o noso proxecto, dada a súa función como axente produtor e produtor de representacións sociais e o seu impacto no resto da comunidade educativa, en especial sobre o alumnado. Debemos ter presente que para os nenos e as nenas somos un referente, tamén no aspecto lingüístico. Aí radica a importancia de que o alumnado sexa consciente do uso normal da lingua por parte do profesorado en



todas as situacións (tanto na aula cando cumpra, como nas relacións coas familias, co resto do profesorado, co persoal non docente ou co propio alumnado).

Resulta tamén fundamental a coordinación e estreita colaboración existente entre o EDLG e os outros equipos didácticos do centro como son o equipo de Biblioteca, o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e o equipo TIC.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CEIP DE ROXOS

A NIVEL CENTRO:

- a) Facer a toda a comunidade educativa partícipe na normalización do uso da lingua galega, para acadar un bilingüismo harmónico pleno.
- b) Dinamizar actividades que teñan como fin contribuír a vitalizar e dar prestixio social á lingua galega, máis desfavorecida na nosa contorna.
- c) Frear o cambio lingüístico que se establece cando nenos e nenas galegofalantes chegan á escola.
- d) Valorar e respectar as linguas que aportan os alumnos e alumnas estranxeiros;



enriquecéndonos culturalmente.

e) Artellar unha coordinación efectiva entre todos os equipos docentes do centro: EDLG, biblioteca, actividades extraescolares, dinamización TIC e os equipos de ciclo para desenvolver conxuntamente actividades complementarias que melloren a competencia e o uso das linguas.

f) Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación entre todos os sectores e membros da comunidade educativa (profesorado, familia, concello, institucións locais, etc.).

g) Empregar a lingua galega en todos os documentos do centro, tanto administrativos e pedagóxicos como nos dirixidos ao alumnado e ás familias, e en todo tipo de carteis, letreiros, avisos... potenciando a visibilidade permanente da lingua galega no centro.

h) Promover actividades dentro da Programación Xeral Anual que fomenten o coñecemento das linguas, como pode ser a participación en actividades promovidas pola Consellería ou polo Concello, que promovan a aprendizaxe práctica das linguas, como poden ser o teatro, visionado de películas en versión orixinal, saídas culturais ou participación en actividades de inmersión lingüística.

Con respecto ao PROFESORADO:

- Dinamizar a programación de actividades conxuntas entre departamentos e institucións culturais que fomenten unha aprendizaxe experiencial das linguas.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo dentro das propostas didácticas de aula fomentando a adquisición das competencias lingüísticas do alumnado nas dúas linguas oficiais.
- Sensibilizar á comunidade escolar facendo un uso da lingua galega nas entrevistas cos pais e nais por parte dos mestres e mestras.
- Establecer medidas de reforzo cando se detecten situacións de desfase competencial no uso dunha das linguas, tanto individuais como de grupo.
- Difundir os usos do galego en contextos e soportes de vangarda: redes sociais, música, audiovisuais, artes escénicas...



Dada a situación lingüística do noso centro, sería desexable que, naqueles momentos (lecer, entradas, saídas....) en que non é preceptivo o uso dunha lingua específica, o profesorado priorizase o uso da lingua galega, así como na comunicación coas familias (tanto a nivel oral como escrito) e nas comunicacións co resto do profesorado (tanto a nivel oral como escrito).

Para o ALUMNADO:

- Acadar, por parte do noso alumnado, a competencia lingüística propia do seu nivel nas dúas linguas oficiais.
- Priorizar unha aprendizaxe competencial das linguas ao longo da súa escolaridade.
- Afirmar no alumnado galego-falante a identificación coa súa lingua favorecendo unha actitude de dignificación do seu uso en calquera ámbito.
- Fomentar no alumnado castelán-falante o uso da lingua galega e reducir a inseguridade que unha parte del sente ao usala, tanto na fala coma na escrita.
- Favorecer a capacitación para a comunicación na lingua estranxeira (inglés) como algo necesario e útil nunha sociedade moderna e multicultural.

Actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita o coñecemento das dúas linguas oficiais.

Segundo se dispón no Decreto /9/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, na etapa de Educación Infantil, o profesorado empregará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, que neste caso é o castelán, e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o



coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa. Límites, marcados polo Decreto *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* e que nos servirán como marco de referencia para definir as actividades e estratexias de aprendizaxe a empregar para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita o coñecemento das dúas linguas oficiais e mellore a súa competencia en comunicación lingüística.

Camiñamos na procura dos seguintes obxectivos:

1. Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos –expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e da aprendizaxe.
2. Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
3. Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.
4. Comprender, reproducir, reescribir –tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos de diferente tipoloxía
5. Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse actividades nas que:

- Favorecerase a participación activa dos nenos e nenas, promovendo neles a curiosidade, o desexo de aprender e o gusto por descubrir, utilizando a **assemblea** como un espazo no que cadaquén se sinta a gusto para achegar o que pensa, sente, sabe...ao grupo sen medo ao erro, e dende o respecto á diversidade da aula. Será a assemblea un espazo idóneo para



desenvolver a linguaxe oral con conversas, lecturas de contos, narración de anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, onde non se procure só o incremento de vocabulario senón tamén a entoación axeitada, pronuncia clara e a mellora nas estruturas oracionais.

- Diseñaranse situacións comunicativas con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas nas que sexa preciso por parte do alumnado usar argumentos nas súas conversas, respectar as quendas e escoitar atentamente. Para estas situacións podemos pedir colaboración ás familias e mesmo ao alumnado de diferentes niveis do centro. Así mesmo, aproveitando os monicreques provocaremos situacións significativas de comunicación e conversas.
- Realizaranse actividades de estimulación da linguaxe oral a través das rutinas diarias. Nestas rutinas de aula non se esquecerá o emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...
- Contarase con xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais –xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e das persoas adultas.
- Presentaranse textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autora/or para a súa memorización e recitado, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Faranse lecturas en voz alta, realizadas por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais. Este achegamento á literatura infantil farase a partir de textos comprensibles e accesibles para que esta iniciación literaria sexa fonte de gozo, de diversión e de xogo. Planificaranse “faladoiros literarios” nos que se compartan interpretacións, opinións e emocións producidas polas producións literarias.



Coñecedores de que no segundo ciclo de educación infantil a apropiación da linguaxe, nas súas formas oral e escrita, dependerá da amplitude, variedade e calidade das experiencias comunicativas que os nenos e nenas teñan, debemos crear contextos onde o alumnado descubra e explore os usos da lectura e da escritura, espertando o seu interese por elas. Farase un achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes e tendo en conta que debe ser sempre en situacións contextualizadas e reais.

Este achegamento á lingua escrita farase creando contextos reais de escritura e lectura, garantindo así o uso funcional e significativo da lingua escrita e respectando as etapas evolutivas do proceso individual de cada alumno ou alumna (etapa presilábica ou indiferenciada, etapa diferenciada, etapa silábica -sin correspondencia ou silábica-alfabética- e etapa alfabética)

Para isto teremos en conta nas nosas propostas que fagamos de aula que lemos e escribimos para:

- Recordar, identificar, localizar, rexistrar, averiguar... datos
- Comunicar ou enterarnos do sucedido
- Gozar, compartir sentimentos e emocións
- Aprender

Trátase de ensinar e aprender linguaxe escrita con significado, é dicir traballaremos con textos de uso social e respectando sempre a súa funcionalidade. Para isto contarase na aula con variedade de materiais escritos de uso social: contos, dicionarios, xornais, cartas, cómics, postais, receitairos de cociña, textos científicos, biografías, revistas de todo tipo...

En canto ao **tipo de letra** que utilizaremos para comezar a trazar e ler será a maiúscula, por ser o seu trazado máis doado e a súa discriminación realízase con maior facilidade ao non ir enlazadas.



Consideracións didácticas que teremos en conta:

Procuraremos crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, desvalorizacións ou ridiculizacións. Se tratamos de que os nenos e nenas expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións debemos crear un ambiente idóneo.

Nas conversas teremos en conta a formulación de preguntas abertas pois á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúen eficazmente a ensinarlles aos nenos e nenas a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas promovendo o diálogo e o intercambio de opinións.

Con todo isto pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas linguas oficiais da comunidade dende a Educación Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a conversar, ler e escribir significativamente.



ACTUACIONES DIRIXIDAS Á CONSECUCIÓN DUN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO.

Co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e na LOE no que afecta o fomento do plurilingüismo o centro propónse levar a cabo actividades como as seguintes:

- Dotar a biblioteca do centro dun maior número de títulos en galego, fomentando o seu uso e a súa lectura, de xeito que o alumnado poida escoller sen verse na obriga de ter que ler obras en castelán.
- Organización de actividades, en colaboración co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, orientadas a fomentar a consideración e respecto pola singularidade cultural de Galicia.



- Organización de actividades para a celebración de festas de carácter tradicional da nosa terra.
- Tentar levar a cabo proxectos de formación para os mestras/es, que capaciten para un uso correcto e eficaz da lingua, podendo ofrecer deste xeito ao alumnado un modelo lingüístico axeitado e adaptado á normativa vixente.
- Realización de saídas para visitar museos, asistir a funcións teatrais en galego e coñecer monumentos e paisaxes típicas da nosa xeografía.
- Organización de traballos de compilación de textos de tradición oral (refrás, adiviñas, contos populares ...)
- Utilización de programas informáticos en galego así como diversos recursos que nos ofrece internet.
- Recompilación de material informático que axude ao profesorado a traballar en galego nas materias de obrigada impartición na nosa lingua.

As actividades a levar a cabo encamiñadas a normalizar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos son as seguintes:

- Utilización da lingua galega en ámbitos variados, coa finalidade de normalizar o seu uso e darlle visibilidade:
 - Nas comunicacións oficiais do colexio coas persoas e institucións situadas en Galicia.
 - Nas comunicacións coas familias.
 - Na rotulación dos espazos do centro.
 - Na rotulación das exposicións de traballos realizados polo alumnado.



- Promoción da lectura de libros en galego. Para isto adquiriranse títulos atractivos e de calidade (escritos orixinalmente en lingua galega ou traducidos doutras), de temáticas variadas:
 - novelas
 - contos
 - literatura tradicional (poesías, trabalinguas, adiviñas...)
 - libros informativos de temática variada (dinosaurios, animais, plantas, universo...)
- Adquisición e incorporación ao sistema de préstamos de material audiovisual en galego.
- Proporcionar ao profesorado actualizacións sobre normativa e lexislación relacionada coa nosa lingua.
- Proporcionar aos diferentes niveis e ciclos materiais sobre contidos da realidade cultural galega para ser introducidos nas actividades da aula.
- Fomentar o coñecemento de tradicións que teñen arraigo na cultura galega: o samaín, o magosto, o Apalpador, o Entroido...
- Fomentar a participación nas celebracións deste tipo que teñen lugar no colexio.
- Procurar que os/as profesionais que imparten docencia nas actividades extraescolares ou os que realizan actuacións no colexio o fagan na nosa lingua.



MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN.

Realizarase unha inclusión do alumnado no curso que lle corresponde en correlación co seu nivel de competencia curricular no resto das áreas. O reforzo nas áreas que se desenvolven en galego realizarase dento da propia aula. De ser



preciso, o reforzo individual que se teña que facer fóra da aula ordinaria, levarase a cabo en momentos de traballo en áreas que non sexan do ámbito lingüístico e instrumental. Se se dese o caso, sempre se actuaría en base ao estipulado na orde de atención ao alumnado inmigrante.

Para facer efectivo o dereito á educación e coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega (sexa inmigrante ou non) poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle imparta, adoptaranse as medidas seguintes:

- Apoiarase a creación de clases reducidas específicas, onde se leve a cabo a adaptación lingüística precisa para que ese alumnado poida incorporarse canto antes ao ritmo cotián da aula que lle corresponda.
- Crearase a figura do voluntario lingüístico entre o alumnado para acoller a estudantes non galegofalantes. Tería encomendadas funcións como: sentarse xunto ao alumnado novo durante as primeiras semanas para axudarlle a seguir as rutinas da clase; tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación; facilitar a integración do novo compañeiro/a, acompañalo nos momentos de lecer, familiarizalo co vocabulario dos xogos e introduciilo na mecánica destes.
- Ofrecer a este alumnado un bo modelo lingüístico. Nun primeiro momento faremos frases sinxelas pronunciando con claridade, non falaremos telegraficamente e procuraremos non alterar as frases para facilitar a comprensión. Ademais, non daremos por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo senón que deberemos axudarlles a que as completen correctamente.
- Calquera outra medida que, en función das características de cada alumna/o en concreto, consideremos oportuna para axudarlle a adquirir unha competencia lingüística que lle permita seguir as clases sen dificultades.



Pautas a seguir no caso do alumnado que se incorpora ao centro cunha lingua distinta ás oficiais:

- Traballar o vocabulario por bloques temáticos e poñelo en común coa familia para reforzalo fóra do ámbito escolar.
- Traballar a estruturación sintáctica de frases e oracións sinxelas e ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Incentivar ao uso de declarativos e imperativos para a expresión das súas necesidades.
- Utilizar o apoio visual para a apreensión do vocabulario.

Medidas para o alumnado que non teña unha competencia lingüística suficiente.

Acadar un dominio lingüístico suficiente implica a utilización adecuada e eficaz de ámbalas dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas propias de diferentes ámbitos, así como o desenvolvemento de todas as destrezas lingüísticas: comprensión e expresión escrita, pero tamén a comprensión e a expresión oral.

Ademais a competencia lingüística está presente no currículo de todas as materias, polo que unha competencia plena, tanto en galego como en castelán, non pode ser tarefa exclusiva das áreas lingüísticas.

O alumnado tamén ten que entender que a competencia lingüística non se adquire só nas materias de lingua. De feito o alumnado “busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e por escrito” nas ciencias sociais, ou “explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas” nas matemáticas, ou “explica aos seus compañeiros e



compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento” en educación física, por citar tan só uns exemplos do noso currículo.

Por tanto as medidas e estratexias postas en práctica para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas deben partir dun enfoque integrador da ensinanza e aprendizaxe das linguas.

Con ese fin achegamos as seguintes listas de control para que sirvan de guía ao alumnado e de instrumento de avaliación ao profesorado, pertenza este ao ámbito lingüístico ou non. Fan referencia ás catro destrezas comunicativas e non pretenden ser documentos pechados. Ao contrario é recomendable adaptar e modificar os seus indicadores, adecuándoos ao nivel e á materia na que se empreguen. Tamén poden servir como guía para a elaboración de rúbricas.

Exemplo de lista de control para a comprensión dun texto escrito

Indicadores	Si	Non
Recoñece a idea principal		
Identifica datos e conceptos extraídos do texto		
Localiza as ideas clave		
Resume o texto		
Subliña a información importante		
Identifica a tipoloxía textual		
Interpreta os elementos paratextuais para favorecer a comprensión		
Fai inferencias e deducións		



Exemplo de lista de control para a comprensión dun texto oral

Indicadores	Si	Non
Retén datos do texto e é quen de parafrasealos		
Recoñece a idea principal		
Identifica ideas secundarias		
Identifica a tipoloxía textual		
Interpreta os elementos paralingüísticos para favorecer a comprensión		
Fai inferencias e deducións		

Exemplo de lista de control para a produción escrita

Indicadores	Si	Non
Presenta unha caligrafía clara e lexible		
Respecta as marxes e a separación de parágrafos		
Fai un uso adecuado do vocabulario e das regras gramaticais		
Presenta unha ortografía, acentuación e puntuación acordes ao seu nivel		
Emprega conectores para dar cohesión ao texto		
Presenta os traballos sen borróns		



Exemplo de lista de control para a exposición oral

Indicadores	Si	Non
Preséntase antes de comezar a exposición		
Vocaliza ben e fala cun ritmo adecuado		
Fala cun ton de voz alto e variado		
Mira cara o público		
Emprega material de apoio como guía da exposición		
Utiliza un rexistro formal, sen coloquialismos		

CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EN TODAS AS LINGUAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA

Entendemos que o obxectivo é o mesmo para todas as linguas que se ensinan na escola (galego, castelán, inglés): acadar a competencia, oral e escrita, axeitada á idade e nivel do alumnado.

Nos primeiros momentos da aprendizaxe ponse énfase no desenvolvemento das destrezas orais receptivas. Pouco a pouco vaise traballando o proceso de produción oral con actividades que promoven a máxima participación e colaboración dos nenos e nenas. Nun paso seguinte introdúcese a lectura con mecanismos encamiñados a obter a mellor entoación e pronuncia e inclúense xa actividades para que comecen a escribir palabras e frases sinxelas. Ao longo da educación primaria o alumnado debería ser quen de utilizar de xeito oral calquera das dúas linguas oficiais como vehículo de comunicación coa mestra e os compañeiros e compañeiras durante o desenvolvemento da clase, ler de xeito comprensivo textos axeitados ao seu nivel madurativo e académico e producir textos escritos de distintas características. Isto mesmo sería aplicable á lingua



inglesa, aínda que con distinto nivel competencial, tendo en conta que non é lingua materna nin lingua ambiental.

Para a aprendizaxe das linguas facilitaranse materiais variados que inclúan historias, diálogos, cancións, rimas, carteis... relacionados sempre con temas familiares e significativos para os alumnos/as e que poden aparecer en distintos soportes audiovisuais. Pouco a pouco ímonos achegando a textos máis elaborados e complexos.

O tratamento das catro destrezas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita) –así como a interacción, incluída no Marco de linguas europeo) e a súa integración é o factor clave do enfoque que se lle dá ás áreas de linguas; ademais do quinto bloque do currículo sobre “coñecemento da lingua e conciencia intercultural”, tendo sempre presente a funcionalidade da lingua, tanto de xeito oral como escrito.

Queremos que a **metodoloxía** empregada asegure que a aprendizaxe de linguas sexa atractiva para o alumnado e ao mesmo tempo sente as bases para fomentar o desexo de continuar aprendendo, o hábito lector e o interese por producir textos coherentes, de calidade, claros e coa debida corrección ortográfica e caligrafía lexible.

Por isto o enfoque será comunicativo e de descubrimento e investigación, usando a linguaxe para resolver situacións tendo sempre en conta a idade dos nenos e nenas e o desenvolvemento das destrezas básicas das que xa temos falado.

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus coñecementos previos e todo aquilo que lles resulte familiar; o alumno ou alumna pode transferir e relacionar conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende.

A metodoloxía considerará as competencias clave como elementos organizadores e fundamentais para o desenvolvemento integral do alumno/a.



As seguintes son algunhas **consideracións metodolóxicas xerais** que teremos en conta:

- Crear espazos de comunicación e aprendizaxe experiencial das linguas.
- Presentar os contidos de xeito gradual para que os nenos e nenas asimilen de forma natural a aprendizaxe e adquiren a seguridade necesaria ao poñela en práctica.
- Desenvolver as actitudes sociais, por exemplo esperar turno, compartir e/ou rebater ideas...(sempre con argumentacións coherentes e co debido respecto ás intervencións das outras persoas) por medio de traballos en grupo, en parellas.....
- Programar actividades curtas e variadas en función das idades dos nenos/as.
- Establecer rutinas que axuden a dar seguridade.
- Fomentar a reflexión sobre a propia aprendizaxe e a organización do propio traballo.
- Ter en conta que os nenos e nenas aprenden de distintos xeitos e con ritmos distintos.
- Estimular a motivación do alumno/a con situacións comunicativas próximas ao alumnado e que inclúan o humor e o xogo.
- Favorecer unha aprendizaxe baseada en actividades contextualizadas e funcionais.
- Lembrar que o erro é algo natural no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar o proceso individual e grupal do alumnado como factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

Presentamos aquí **criterios metodolóxicos básicos** de actuación na aprendizaxe de linguas:



- Producir textos con intención comunicativa, tanto orais como escritos
- Practicar sons, entonación, ritmo... mediante cancións, tonadas...
- Ensinar vocabulario, frases e expresións ou estruturas mediante xogos, contos, cancións e tonadas, ditos, refráns...
- Fomentar a comprensión e a produción de preguntas simples mediante xogos, por ser considerados un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, da memoria, da linguaxe, da imaxinación, da personalidade...
- Utilizar historias e contos para potenciar o desenvolvemento da empatía e de actitudes positivas cara un mesmo e cara os demais.
- Traballar as destrezas cognitivas e a motricidade conxuntamente coas destrezas lingüísticas.
- Utilizar os recursos de vídeo, pizarra dixital, marionetas, obxectos reais, fotografías, debuxos, tarxetas, pictogramas, etc. como elementos motivadores e que promoven a accesibilidade cognitiva.
- Utilizar os recursos plásticos para favorecer a aprendizaxe: debuxo, recortado, picado...
- Promover a utilización dunha linguaxe sinxela e inclusiva.
- Realizar exposicións orais que favorezan a desinhibición, así como a dicción clara e o ton axeitado.
- Levar a cabo simulacións de situacións para practicar a linguaxe máis espontánea.
- Integrar contidos constantemente: partir dos contidos aprendidos para revisalos, afianzalos e amplialos.



- Aproveitar todos os recursos e todas as oportunidades que se dan ao longo dunha clase, para a adquisición de novo vocabulario, variado, con sinónimos, antónimos, derivacións.... que enriqueza ao alumnado.
- Dar un uso práctico a elementos tales como glosarios, dicionarios...

Outras consideracións

A aprendizaxe dos fundamentos gramaticais pode axudar a desenvolver a capacidade de observación, análise e reflexión, tanto sobre textos alleos como sobre as propias producións (puntuación, concordancia, sintaxe...)

Aínda así, entendemos que non debe ser unha prioridade na aprendizaxe das linguas, especialmente nos primeiros cursos de primaria, onde se deben asentir varios piares:

- Lectura correcta e fluída.
- Comprensión dos textos lidos e do vocabulario propio da idade.
- Expresión oral e escrita en contextos reais para o alumnado: narrar experiencias persoais, facer descripcións, escribir contos, escribir notas, avisos, invitacións, facer esquemas e resumos...e coidando aspectos tales como a ortografía, caligrafía, puntuación, orde e limpeza, así como a calidade dos textos.
- Fomentar o gusto pola lectura, primeiro escoitando lecturas do profesorado e logo lendo de forma individual e priorizando as propias preferencias.
- En canto á lectura e a expresión oral os mestres e mestras deberían representar o modelo de corrección en canto a dicción, entonación, utilización de linguaxe inclusiva.
- Os mestres e mestras animarán e velarán polo uso da lingua específica de cada materia.



Tratamento que se lle darán aos contidos e aos criterios de avaliación en cada materia lingüística

Priorizarase as dimensións funcionais das linguas como medio de comunicación e expresión tanto na súa forma oral como escrita en todos os niveis educativos.

Destacaranse os seguintes criterios de avaliación:

- Expresa os seus sentimentos, necesidades, opinións e dereitos á vez que respecta os dos demais.
- Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.
- Comprende textos de diversa tipoloxía adecuados a súa idade.
- Mostra interese e gusto pola lectura de textos como fonte de información e lecer.
- Valora a literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España.
- Coñece e utiliza de xeito apropiado a lingua galega e castelá, tanto na vida cotián, como para ler textos, poesías, narrativa oral e representacións e expresións artísticas.
- Exprésase con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.
- Recoñece o tema e o sentido xeral dun texto oral, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos).
- Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse cos seus amigos/as, coa familia e na escola.
- Le en voz alta, con pronunciación e entonación axeitada, diferentes tipos de textos apropiados a súa idade.
- Desenvolve as competencias e destrezas lingüísticas a través do uso da lingua, tanto de xeito oral como escrito.



Acordos sobre a terminoloxía a empregar.

Co fin de evitar a confusión do alumnado na aprendizaxe dos contidos lingüísticos e de favorecer a transferencia dos coñecementos adquiridos entre as diferentes materias, trataremos de empregar, na medida do posible, unha terminoloxía lingüística común.

No referente ás clases de palabras:

- Substantivo
- Adxectivo
- Determinante
- Verbo
- Adverbio
- Pronome
- Preposición
- Conxunción
- Interxección
- Demostrativo
- Posesivo
- Numeral
- Indefinido
- Interrogativo
- Exclamativo
- Relativo

No referente á división morfolóxica das palabras:

- Raíz
- Morfema flexivo (masculino-feminino, singular-plural)
- Morfema derivativo (sufixo, prefixo)

No referente ás regras de acentuación das palabras:

- Aguda
- Grave
- Esdrúxula
- Acento



Empregarase tamén o termo parágrafo con preferencia sobre alínea.

Pese á implicación de todas as áreas no desempeño lingüístico do alumnado, é probable que unha parte del non siga con aproveitamento as ensinanzas impartidas por presentar dificultades continuadas de comunicación e comprensión, tanto a nivel oral como escrito. Neses casos, ademais, poderán establecerse as seguintes medidas:

- Reforzo por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Reforzo por parte do profesorado especialista en PT dentro da aula ordinaria, na medida do posible.

Este proxecto nace coa intención de dar resposta ás necesidades que o noso alumnado presenta en referencia ao emprego da lingua; como guía tamén ten o carácter de aberto e coa posibilidade de introducir aquelas modificacións que os estudos sociolingüísticos ou a experiencia do profesorado determinen como precisos para mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.